



lifefluvial
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REXIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA
LIFE16 NAT/ES/000771





ZEC Río Eo - ZEPA Ribadeo
ES1120002 - ES0000085



LIFE Fluvial

Os corredores fluviais presentan importantes valores naturais, culturais e económicos. O obxectivo do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do seu estado de conservación en 9 espazos da Rede Natura 2000. Desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en 5 concas fluviais do Noroeste ibérico, onde especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios poden causar deterioración e fragmentación de hábitats. Na conca do río Eo, actúa nos municipios galegos de Ribeira de Piquín, Meira, A Pontenova, Trabada e Ribadeo e nos asturianos de San Tirso de Abres, Vegadeo e Castropol.



A Ría de Ribadeo: As Aceas

Os ameneirais atlánticos e as carballeiras galaico-portuguesas, ambos hábitats de interese comunitario, configuran a paisaxe forestal natural das ribeiras da Ría de Ribadeo. A mellora do seu estado de conservación e o incremento da súa superficie constitúen os principais obxectivos do LIFE Fluvial.

A principal actuación desenvolvida por LIFE Fluvial en As Aceas consistiu na corta da pequena eucalipteira que ocupaba a marxe esquerda da enseada e de eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) e piñeiros (*Pinus pinaster*) na marxe dereita. Ademais, elimináronse outras especies alóctonas e invasoras, como hedra do cabo (*Delairea odorata*), planta gabeadora de flores amarelas e cun comportamento fortemente invasor sobre todo en bosques de ribeira perturbados.

A parcela da eucalipteira, que contaba con exemplares de máis de 25 anos, serviu como parcela de ensaio para analizar métodos alternativos de eliminación desta especie. O experimento, desenvolto entre 2019 e 2021 con moi bons resultados, consistiu na talla dos eucaliptos, a impregnación do corte dos tocos con salmoira e a posterior cubrición de cada toco con plástico negro para evitar o rebrote de cepa.



O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias concas fluviais atlánticas da Península Ibérica.

